

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2025/35	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	19 de setembro de 2025
Duración	Dende as 14:39 ata as 14:55 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Paula M ^a Fernández Pena
Secretaria	Déborah García Suárez
Interventor	Leopoldo Moure Dopico

ASISTENCIA A SESIÓN	
Nome e Apelidos	Asiste
Estefanía Taín Surribas	SÍ
Manuel Requeijo Rey	SÍ
María Asunción García Hernández	NON
Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaría a válida constitución do órgano, a Presidenta abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior: 12.09.2025

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 12 de setembro de 2025.

Expediente 452/2025. Contratacións. SERVIZO DO PROGRAMA CONCILIA SILLEDA 2025

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a necesidade de iniciar un novo procedemento de contratación do servizo denominado “Programa Lúdico Educativo de apertura de centros educativos públicos fóra do horario lectivo”, que se desenvolve nos CEIP Plurilingüe de Silleda e CEIP Ramón de Valenzuela de Bandeira, no marco das políticas municipais de conciliación da vida laboral, familiar e persoal.

Visto que o contrato vixente foi asinado con data 27 de outubro de 2022 coa empresa COESCO, tras a correspondente licitación, por un período dun ano prorrogable ata un máximo de catro anos, tal e como recolle a cláusula sétima do prego de cláusulas administrativas. A última prórroga foi asinada o 16 de abril de 2024, e o contrato finaliza o 16 de outubro de 2025, data na que se cumpriría o terceiro ano de prestación do servizo.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

Primeiro.- Que se inicie o procedemento de adxudicación do contrato do Servizo do Programa Lúdico Educativo de apertura de centros educativos públicos fóra do horario lectivo nos CEIP Plurilingüe de Silleda e CEIP Ramón de Valenzuela de Bandeira, por un importe de 280.000 € (84.500 euros anuais) polo procedemento aberto simplificado, por un período de un ano, con posibilidade de tres prórrogas anuais.

Segundo.- Que se redacten os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación.

Terceiro.- Que por parte da Secretaría municipal se proceda a emitir informe xurídico preceptivo na aprobación aos pregos de cláusulas administrativas particulares, de conformidade co artigo 122.7 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, así como ao expediente de contratación de conformidade co disposto na DA3ª da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Cuarto.- Que por parte da Intervención deste Concello se proceda á fiscalización do contido de

ditos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares, aos efectos previstos no apartado 3 da Disposición Adicional Terceira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Expediente 1099/2025. Convenios. Arrendamento de ben inmoible por adxudicación directa

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o Convenio de Colaboración entre a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo e o Concello de Silleda para o mantemento da instalación do albergue de peregrinos en dito Concello asinado o 01 de xullo de 2025.

Vista a memoria de idoneidade asinada por esta Alcaldesa o 14 de xullo de 2025, que da inicio ó expediente, seguida da providencia de 30 de xullo de 2025 solicitando informes técnicos para os efectos de continuar coa tramitación do expediente e a súa posterior elevación a Xunta de Goberno Local.

Visto o informe do Arquitecto técnico municipal de data 04 de xullo de 2025 e a súa corrección de data 01 de agosto de 2025.

Visto o informe xurídico asinado pola Secretaria municipal de data 07 de agosto de 2025, no que se plantexaban numerosas dúbidas para poder informar de maneira favorable o presente expediente recomendando realizar consulta ó SAIM.

Vista a solicitude de informe xurídico ó SAIM e o posterior informe emitido polo Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal de data 12 de agosto de 2025.

Visto o informe de reparo do Interventor municipal de data 19 de agosto de 2025.

Vista a Providencia de Alcaldía de data 28 de agosto de 2025.

Visto o informe do Arquitecto municipal de data 03 de setembro de 2025.

Visto o borrador do contrato de arrendamento.

Visto o informe xurídico desfavorable asinado pola Secretaria municipal de data 16 de setembro de 2025.

Visto o informe de reparo do Interventor municipal de data 17 de setembro de 2025, no que se recolle: *“Contra este informe se poderá formular discrepancia nos termos establecidos non TRLFL e ou artigo 15 do RD 424/2017.”*

Vista a Resolución de Alcaldía de data 19 de setembro de 2025 na que se resolven as discrepancias e se transcribe a continuación:

“DECRETO

EXPEDIENTE:1099/2025

ASUNTO: Arrendamento de ben inmovible por adxudicación directa

Visto o Convenio de Colaboración entre a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo e o Concello de Silleda para o mantemento da instalación do albergue de peregrinos en dito Concello asinado o 01 de xullo de 2025.

Vista a memoria de idoneidade asinada por esta Alcaldesa o 14 de xullo de 2025, que da inicio ó expediente, seguida da providencia de 30 de xullo de 2025 solicitando informes técnicos para os efectos de continuar coa tramitación do expediente e a súa posterior elevación a Xunta de Goberno Local.

Visto o informe do Arquitecto técnico municipal de data 04 de xullo de 2025 e a súa corrección de data 01 de agosto de 2025.

Visto o informe xurídico asinado pola Secretaria municipal de data 07 de agosto de 2025, no que se plantexaban numerosas dúbidas para poder informar de maneira favorable o presente expediente recomendando realizar consulta ó SAIM.

Vista a solicitude de informe xurídico ó SAIM e o posterior informe emitido polo Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal de data 12 de agosto de 2025.

Visto o informe de reparo do Interventor municipal de data 19 de agosto de 2025.

Vista a Providencia de Alcaldía de data 28 de agosto de 2025.

Visto o informe do Arquitecto municipal de data 03 de setembro de 2025.

Visto o borrador do contrato de arrendamento.

Visto o informe xurídico desfavorable asinado pola Secretaria municipal de data 16 de setembro de 2025.

Visto o informe de reparo do Interventor municipal de data 17 de setembro de 2025, no que se recolle: “Contra este informe se poderá formular discrepancia nos termos establecidos non TRLFL

e ou artigo 15 do RD 424/2017.”

Así, en virtude do artigo 15 do RD 424/2017, “Sen prexuízo do carácter suspensivo dos reparos nos termos previstos no texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, as opinións do órgano interventor respecto ao cumprimento das normas non prevalecerán sobre as dos órganos de xestión. Os informes emitidos por ambos teranse en conta no coñecemento das discrepancias que se expoñan, as cales serán resoltas definitivamente polo Presidente da Entidade Local ou polo Pleno, consonte o previsto no artigo 217 e no apartado 2 do artigo 218 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e nos apartados seguintes deste artigo”.

Efectuado reparo suspensivo polo Interventor municipal porque observa “a omisión de requisitos ou trámites esenciais que puideran dar lugar á nulidade do acto, ou cando a continuación da xestión administrativa puidera causar quebrantos económicos a Tesourería da entidade ou a un terceiro”, corresponde a esta Alcaldía resolver a discrepancia, non sendo competencia delegable.

Así, existindo discrepancias entre os informes solicitados, esta Alcaldía, non podendo resolver de xeito arbitrario senón motivado, aprecia que:- O informe do SAIM fundamenta que existe un interese público local na continuidade do albergue de peregrinos, en tanto que recurso vinculado ao Camiño de Santiago e á promoción turística municipal (art. 25.2.m LBRL).- O informe do Arquitecto municipal acredita a idoneidade física e técnica da finca, acompañando taxación que permite fixar unha renda proporcionada.

Polo exposto,

Esta Alcaldía RESOLVE DISCREPANCIA entre a taxación de data 03 de setembro de 2025 e o informe de reparo de Intervención, así como entre os informes emitidos no expediente, acollendo o criterio do SAIM e do Arquitecto municipal como fundamento da decisión, procedendo a continuar co expediente de arrendamento.

En consecuencia, considérase que concorren elementos suficientes para continuar o procedemento, prevalecendo estes criterios fronte ás observacións xurídicas e económicas realizadas polo Interventor e a Secretaría municipais que, sen descoidalas, non desvirtúan o interese público, a idoneidade do ben e a taxación constatados.

A Alcaldesa
Paula Mª Fernández Pena”

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente para o arrendamento directo.

SEGUNDO.-Aprobar o gasto correspondente por importe de de 137.667,75 €, sendo un gasto plurianual proxectado para os exercicios 2025-2040, a execución seguirá o réxime financeiro establecido no contrato, correspondendo 4.356,00 euros a anualidade 2025, que se imputarán a aplicación 430-20000.

TERCEIRO.- Aprobar o texto do contrato que se recolle como Anexo a este acordo.

CUARTO.-Solicitar á persoa titular do ben a documentación que acredite a súa plena disposición do ben que se pretende arrendar xunto coa aceptación expresa do prezo, así como a presentación de documentación de estar o corrente con facenda e a seguridade social.

QUINTO.-Comunicar o acordado ós interesados.

SEXTO.-Dar conta ó Pleno na próxima sesión que se celebre.

ANEXO

“REUNIDOS

*Dunha parte, Dona Paula Fernández Pena, alcaldesa de Silleda, maior de idade, provista de NIF *****

*Doutra banda, Dona Rosa María García Fernández, maior de idade, veciña de Silleda, con domicilio na Bandeira, Rúa Xeral, 34, e con DNI nº 35*****.*

A primeira, na calidade que ostenta, actúa en nome e representación do CONCELLO DE SILLEDA, con CIF P3605200I e domicilio na Rúa Progreso, 41, CP 36540 Silleda, Pontevedra.

A segunda, no seu propio nome.

EXPOÑEN

I. Que o 11 de xullo de 2011 asinouse un convenio de cesión gratuíta do terreo entre o CONCELLO DE SILLEDA (cesionario) e Don Manuel Francisco García Vázquez e Dona Rosa María García Fernández (cedentes), sendo posteriormente renovado e prorrogado (8 de xaneiro de 2013, 7 de agosto de 2018, 7 de agosto de 2019 e 23 de xaneiro de 2020). Anexo I.

II. O terreo obxecto da cesión é a parcela nº 1015, polígono 511 do plano de concentración parcelaria da zona de Manduas Chapa. Referencia catastral: 36052C511010150001YR. Anexo II.

Título: A parcela foi adxudicada con carácter ganancial aos seus país, Don Manuel Francisco

García Vázquez e Doña Consuelo Fernández Niveiros, falecidos ambos en datas 21 de novembro de 2011 e 17 de marzo de 1995. Aporta testamento outorgado pola súa nai, Dona Consuelo Fernández Niveiros, ante o notario de Santiago D. Manuel Peregil Cambón, con data de 1 de agosto de 1988, co número 965 do seu protocolo, no que lle lega a parte que lle corresponde en gananciais sobre o referido ben, manifestando que, igualmente, o testamento otorgado polo pai na mesma data lle lega a parte que a él lle corresponde en gananciais sobre o referido ben. Anexo III.

III. Posteriormente, o CONCELLO DE SILLEDA asinou un convenio coa S.A. DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO para a cesión do devandito terreo para a implantación dun albergue, que forma parte da rede de albergues do Camiño de Santiago. O CONCELLO DE SILLEDA e a S.A. DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO acordaron asinar un novo convenio para manter a actividade do albergue durante un período de 15 anos, é dicir, ata xullo de 2040.

IV. O terreo descrito vén sendo destinado á instalación dun albergue de peregrinos dende o día 4 de xullo de 2013.

V. Que o único solo sobre o que se pode manter o albergue pertencente á rede de albergues do Camiño de Santiago é aquel no que actualmente se atopa instalado, obxecto de cesión gratuíta no ano 2011, polo que esa parcela resulta a única idónea para o fin pretendido.

VI. Tramitado polo Concello o expediente para a obtención da cesión de uso da parcela a título oneroso, as partes acordan asinar un **CONTRATO DE ARRENDAMENTO** segundo as seguintes

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- DONA ROSA MARÍA GARCÍA FERNÁNDEZ cede o uso do terreo descrito no expositivo II ao CONCELLO DE SILLEDA, que o acepta, para que nel se siga desenvolvendo a actividade de albergue, que se realiza ininterrompidamente dende o día 4 de xullo de 2013.

SEGUNDA.- Autorízase expresamente que dito terreo sexa posto polo CONCELLO DE SILLEDA a disposición da S.A. DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO.

TERCEIRA.- O prazo de duración deste contrato de cesión é de 15 anos desde o 1 de xullo de 2025, ata o 30 de xuño de 2040.

CUARTA.- Como contraprestación polo arrendamento do terreo, o CONCELLO DE SILLEDA abonará a DONA ROSA MARÍA GARCÍA FERNÁNDEZ a cantidade de SETE MIL DUOSCENTOS EUROS (7.200 €) anuais máis o IVE correspondente ou o imposto que legalmente o substitúa, abonado por mensualidades vencidas, previa presentación da correspondente factura por parte da interesada.

Ao existir un compromiso entre as partes asinado dende o 1 de xullo de 2025, e presentado no xulgado, o abono da renda deberá facerse con efectos retroactivos dende esa data (artigo 39.3 da Lei 39/2015), previa presentación das facturas correspondentes.

Esa cantidade actualizarase anualmente con efectos desde o 1 de xaneiro de cada ano segundo variación anual do índice de prezos do aluguer de oficinas, a nivel autonómico, publicado polo Instituto Nacional de Estatística (artigo 4.6 da Lei 2/2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española, en relación co disposto no artigo 6.2 do Real Decreto 55/2017, do 3 de febreiro, que a desenvolve).

En caso de atraso no pagamento superior a 30 días naturais, o CONCELLO aboará un xuros de demora do 5% anual sobre a cantidade debida, sen prexuízo doutras accións legais que correspondan á cedente, incluída a resolución do contrato por incumprimento.

QUINTA.- O contrato de arrendamento é de obrigado cumprimento para ambas partes.

SEXTA.- Unha vez finalizado o prazo de duración do arrendamento, o CONCELLO DE SILLEDA devolverá a DONA ROSA MARÍA GARCÍA FERNÁNDEZ o terreo en bo estado, salvo que as partes acorden continuar coa cesión.

SÉTIMA.- Ao rematar o prazo contractual ou no caso de resolución anticipada en el suposto de incumplimento de la prohibición de cesión ou subrogación do uso prevista en la Cláusula Cuarta o da ausencia do seguro previsto en la Cláusula Novena, el CONCELLO DE SILLEDA comprométese a restituír a DONA ROSA MARÍA GARCÍA FERNÁNDEZ a parcela obxecto da cesión no estado orixinal, libre de ocupantes, elementos alleos á propiedade, edificacións removibles ou obstáculos que impidan o seu uso normal.

Así mesmo, o terreo deberá estar pechado perimetralmente, cun valado en bo estado de conservación, e limpo de maleza, residuos ou calquera tipo de entullo, co obxectivo de garantir o seu aproveitamento inmediato pola cedente. O cumprimento desta obrigación verificarase mediante acta de entrega asinada por ambas partes.

OITAVA.- O CONCELLO DE SILLEDA farase cargo dos gastos e impostos municipais aos que estea suxeita a parcela durante o tempo de vixencia do arrendamento, con un valor límite de 385 €/anuais. Se aplicará atendendo á vixencia no momento de deveción do imposto .

NOVENA.- Seguro de responsabilidade civil e danos

A S.A. DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO, como entidade usuaria do terreo cedido, estará obrigada a incluír este albergue, durante todo o período de utilización, no seguro de responsabilidade civil e danos materiais da rede de albergues da Xunta de Galicia, cubrindo así a

tanto os posibles prexuízos a terceiros como os eventuais danos ao terreo e instalacións existentes na parcela cedida.

DÉCIMA.– *Prohibición de cesión ou subrogación do uso.*

O CONCELLO DE SILLEDA non poderá ceder, arrendar, subarrendar nin transmitir o uso do terreo a terceiros, total nin parcialmente, sen o consentimento previo, expreso e por escrito de DONA ROSA MARÍA GARCÍA FERNÁNDEZ, agás a autorización específica contida na cláusula segunda respecto á S.A. DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO.

Calquera cesión ou utilización do terreo por parte dun terceiro sen a debida autorización escrita facultará á propiedade para resolver de pleno dereito o contrato, coa restitución inmediata do ben, sen dereito a indemnización ningunha por parte do Concello, nin do terceiro que ocupe o inmovible.

E en proba de conformidade, ambas partes asinan o presente contrato no lugar e data arriba indicados.

*Rosa María García García
Propietaria dos terreos*

*Paula María Fernández Pena
Alcaldesa de Silleda”*

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROGOS E PREGUNTAS

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE